



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 1191 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7 DE ABRIL DE 2022.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión extraordinaria e urxente do 31 de marzo e ordinaria do 1 de abril de 2022.

ASESORÍA XURÍDICA

- 2.- Dar conta da relación de sentenzas e outras resolucións xudiciais que resoven procedementos. Expte. 14604/111.

BOMBEIROS

- 3.- Expediente de contratación, por procedemento aberto, de servizo para o mantemento preventivo e correctivo dos compresores, ramplas de carga, equipos autónomos e botellas de aire para o Parque Central de Teis e Parque Provisional das Instalacións EDAR. Expte. 6634/213.

CONTRATACIÓN

- 4.- Cambio da responsable do contrato mixto de subministro e obras para a contratación da instalación de luminarias LED e outros elementos da rede de alumeadado viario na zona I: centro de Vigo. Expte. Expte. 51914/444.

DIRECCIÓN DE INGRESOS

- 5.- Proposta para aprobación de "Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, Servizo de Patrimonio-Inventario de Bens Inmобles e Viais, Area de Fomento así como incorporación da información á Plataforma Municipal VCI+". Expte. 2884/500.

EMPREGO

- 6.- Corrección de erro material no expediente de resolución do recurso de reposición presentado por industrias ALPEMETAL SL contra a resolución do outorgamento das axudas municipais á contratación 2021. Expte. 18823/77.

FESTAS

- 7.- Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2022. Expte. 9190/335.

RECURSOS HUMANOS

- 8.- Resolución de recurso presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproba Oferta de Emprego Público para o ano 2021: prazas de Sarxento de Extinción de Incendios. Expte. 39314/220.

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 9.- Subvención nominativa á Asociación Galega de Instrumentos de Corda, para o financiamento do X Concurso de Corda cidade de Vigo. Expte. 4317/330.

TRANSPORTES

- 10.- Revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2022. Expte. 3573/449.
- 11.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Sala do Pleno de xeito presencial o día **7 de abril de 2022, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación. Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez